

UNHA MULLER BAIXO A INFLUENCIA

1368

John Cassavetes, 1974

ESTREA EN NUMAX: 05.09.2024 | V.O.S.E. | +18 | 155 min

Mabel (Gene Rowlands) é unha muller moi querida polo seu marido, Nick (Peter Falk), e polos seus fillos. Co tempo comeza presentar certa inestabilidade que vai a máis. O seu home, que traballa moitas horas na construción, debe estar pendente da súa muller día e noite. El tenta manter a estabilidade na súa casa, até que un día o comportamento de Mabel pon en perigo os seus fillos, Nick vese obrigado a tomar medidas.

«Unha salvaxe aproximación ao personaxe dunha ama de casa á beira da loucura»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



Entrevista con Gena Rowlands: «O de Mabel é o meu papel favorito de sempre»

Por Kim Morgan

Unha muller baixo a influencia sempre me deixou sen fala, está tan ben realizada, é tan sensible cos pequenos detalles, os pequenos acenos de alguén que sofre, as expresións faciais, os movementos... Sábese que tiña un guión moi pechado pero canto deste traballo é teu? É o meu papel favorito de sempre porque estaba tan ben escrito que eu sentía a Mabel como real. Non sabería falar de posicións e movementos... agromou todo do propio personaxe e John [Cassavetes] ten todo o mérito na súa creación.

Pero ti achegaches moito a Mabel. Hai moitas capas nesta muller, unha muller que se cadra espera algo máis da vida, e Peter Falk, que fai de Nick, seguramente ten tamén os seus desexos. E tenta levalos a cabo con ela... Encantoume a maneira de traballar de Peter. El era tan paciente con ela. E non é habitual observar tanta comprensión cara a alguén que non actúa con normalidade. E Nick é igual que Peter Falk, un tipo amable. Por suposto o personaxe de Nick non tiña noción algunha de psiquiatría e era consciente do comportamento fóra do común da súa muller, e mesmo así comprendíaa e era bo con ela. Eu simplemente adoro iso, del e do seu personaxe.

No filme el quérete, iso está moi clariño... Si, realmente é así. El pode non comprender todo o que ela fai pero si que ten claro que a ama e só iso é maravilloso.

A escena do sofá tivo que ser difícil para ambos. Abofé que si. Para min foino e para Peter estou segura que tamén porque tivo que bater en min. No contexto do filme vese que non é o acto dun maltratador senón de alguén desesperado porque non sabe como manexar a situación. Creo que o fixo incrivelmente ben pero esa escena foi moi difícil.

Outra escena forte é cando Mabel lle pregunta a outras mulleres a hora mentres agardan o bus escolar dos seus fillos. Sempre penso: "Por que demos non lle din a hora que é?". [Risadas] Esas mulleres foron amigas miñas da escola! Era boas amigas e propúxenlles participar na escena. Preguntaron que tiñan que facer e díxenlles: "Nada. Eu vou dicir algo e ti fas como que non existo, será medio minuto ou así". Penso que o resultado foi bo e foi divertido porque ninguén sabía o que había suceder.

Lin unha entrevista na que John dixo que moitos homes facía a vida difícil ás mulleres pero tamén as nais poden dar arela nos fillos, xulgándoos ou criticando as súas vidas e comportamento... De feito a nai de Peter, no filme, está interpretada por Katherine Cassavetes, a propia nai de John que era unha actriz maravillosa. El era perfecta para o personaxe. Ela non é como o seu personaxe, por suposto, pero como actriz impresionaba como expresaba os seus sentimentos cara a Mabel, o meu personaxe, e o feito de que Nick estivese casado con ela. Por suposto non o aprobaba pero na vida real a cousa é distinta, seguimos levándonos ben [risas].

Cal foi o mellor consello que che teñen dado? Foi John, durante *Unha muller baixo a influencia*. Eu non sabía como facer nunha escena na que tiña que perder o control e díxenlle: "John, non quero decepcionarte pero non estou segura de como facelo. Como queres que o faga? Até que nivel de profundidade queres que chegue?". El dixo: "Gena, coñeces o texto, gustouche, gustouche o teu papel, querías facelo. Pois simplemente faino". [risas]



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

John Cassavetes,
José Francisco Montero.
Shangrila Ediciones, 2018

Faces,
John Cassavetes, 1974
BFI [DVD e BD]

Contra el diagnóstico,
Marcos Obregón.
Rosamerón, 2022